

CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DIA VINTE E OITO DE AGOSTO DE DOUS MIL QUINCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás trece horas e cinco minutos do día vinte e oito de agosto de 2015, reúnese en primeira convocatoria os membros da corporación que se citan a continuación: Rocío Martínez Martínez, Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez, David Prada Aneiros, Ana Rodríguez Montero, Pablo Casas Cibreiro, Juan José Ramos Prieto, José Esmoris Aldao baixo a Presidencia do alcalde Benigno Galego Castro. De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

1 Aprobación se procede, da acta do pleno reunido o días 07.07.2015. Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a acta anterior. A concelleira Ana Rodríguez Montero pon de manifesto que existe un erro na acta en relación aos puntos de luz, xa que na acta pon Carballás e o lugar é Carballal


2.- Festivos locais do ano 2016. Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Unha vez publicado o Decreto 103/2015, do 15 de xullo, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2016, e dada a posibilidade de establecer dous días de cada ano natural como festa local, segundo establece o artigo 37.2 do Estatuto dos Traballadores esta alcaldía propón ó pleno a aprobación da seguinte proposta: **Primeiro** - Establecer como festivos locais para o ano 2016, os días 09 de febreiro de 2016, (martes de entroido) e o día 13 de xuño de 2016. **Segundo**- Remitirlle copia deste acordo a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a proposta anterior.**

O alcalde manifesta que a elección de San Antonio foi porque coincide cun luns

3.-Elección de xuíz de paz substituta. Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Unha vez iniciado o procedemento para a elección do xuíz de paz substituto deste concello por Decreto da Alcaldía Núm.113/2015 de data 16 de xuño de 2015, e logo de rematado o período de presentación de solicitudes, anunciado no BOP do 03 de xullo de 2015, e ante a prestación de dúas instancias que se indican a continuación:

Nome e apelidos	Data de presentación
Iria Santalla Brandeiro	07.07.2015
Marta María Sánchez Novo	10.07.2015

Esta alcaldía propón a adopción do seguinte ACORDO: **PRIMEIRO:** Elixir a solicitude presentada por Marta María Sánchez Novo con DNI 32711131W profesión enfermeira como xuíz de paz substituta do concello de Cerdido. **SEGUNDO:** Darlle traslado deste acordo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para que



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

proceda o seu nomeamento . **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos membros do Pleno presentes aprobaron a proposta anterior**

O alcalde explica que tras as dúas solicitudes presentadas , optouse por a persoa que vive mais cerca da Casa do Concello .


4.- Aprobación da modificación do proxecto :Mellora das instalacións deportivas e educativas financiado cun convenio coa Deputación da Coruña . Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte:Revisado o proxecto de obra :Melloras en instalacións deportivas e educativas municipais asinado pola arquitecta María del Carme Nóvoa Sio e financiado por un convenio coa Deputación da Coruña ,coa intención de minorar os gastos de mantemento das instalacións , realízase un modificado do proxecto de obra que basicamente consisten en cambiar a bancada do campo de fútbol prevista de madeira por outra de formigón así como a colocación dunha varanda de seguridade , así mesmo prevese o cambio na iluminación do campo de fútbol por proxectores LED , cun menor consumo enerxético que os previstos no proxecto así como axustar a superficie prevista do polideportivo ao realmente existente .E posto que aínda non se iniciou o expediente de contratación da obra , esta Alcaldía propón ao Pleno do concello a aprobación da seguintes proposta :**Primeiro:**Aprobar o modificado do proxecto de obra :Melloras en instalacións deportivas e educativas municipais , segundo a xustificación presentada pola autora do proxecto sen que supoña aumento ou diminución do presuposto inicial polo que o importe do proxecto axustase o importe do convenio asinado coa Deputación da Coruña , por un total de 137.541,39 €**Segundo :** Remitir o presente acordo a Deputación da Coruña .**Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría dos presentes aprobaron a proposta anterior .** Cinco votos a favor dos concelleiros Rocío Martínez Martínez ,Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez , David Prada Aneiros e o voto do alcalde , Benigno Galego Castro e catro abstencións dos concelleiros Ana Rodríguez Montero , Pablo Casas Cibreiro , Juan José Ramos Prieto e José Esmoris Aldao .

O alcalde explica que o que se pretende, é mellorar as gradas , pasando de ser de madeira a formigón engadíndolle unha barandilla así como cambiar os proxectores de luz de 24 a 12 pero de LED .

A concelleira Ana Rodríguez Montero pregunta si as bancadas teñen o ancho suficiente para poder pasar por detrás delas e entende que os proxectores LED son mais caros dos que viñas no proxecto

O concelleiro José Esmoris Aldao afirma que no caso de que a nova bancada non teña sillas vai a ser moi fría e pensa que a madeira e moito mais quente e suxire que algún día se poña algo para solucionar este problema .


O alcalde explica que o que se pretende é comprar uns cojines para deixar na cantina



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

5.- Moción do grupo municipal socialista relativa a reforma da política agraria comunitaria (PAC) .Leida a moción presentada que se copia deseguido : O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE de Cerdido, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta **MOCIÓN** relativa a ” **APLICACIÓN DA REFORMA DA POLÍTICA AGRARIA COMUNITARIA (PAC)**”, con base na seguinte **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**. As explotacións lácteas galegas están nunha situación económica límite: ameazadas con deixar de recollerlles o leite, prezos ruinosos, a imposición de contratos de condicións abusivas por parte das industrias e a banalización do leite por parte da distribución, que segue a empregalo como produto reclamo. Miles de familias viven de xeito directo e indirecto da produción de leite en Galicia, sendo en moitas comarcas un sector estratéxico tanto a nivel de emprego como dende o punto de vista económico, social ou de xestión do territorio. Fronte á profunda crise que está a vivir o sector lácteo galego e á ameaza de deslocalización da produción de leite cara a outras partes do estado e de Europa. A mala acollida nun principio do paquete lácteo, polo menos por unha banda do sector industrial, contribuíu a que en España se produza un fenómeno que non ten precedentes en ningún país da UE e moito menos nun país deficitario como é o noso, cal é o abandono de rutas de recolleita ou ameazas de non recoller. Esta situación é insostible e menos nun produto tan perecedeiro como o leite. A sinatura de máis de 3.000 contratos con prezos de entre 18 e 22 céntimos por litro, arruína aos gandeiros a curto prazo e ameaza con desequilibrar toda a cadea de valor. Dende fai máis de un mes, tanto a nivel galego como nas diferentes comarcas máis importantes de Galicia a nivel de produción de leite, os gandeiros e gandeiras véñense manifestando de forma moi importante esixindo das administracións en xeral e sobre todo do Goberno Galego unha rápida intervención e que lidere propostas políticas a nivel nacional e europeo sen que ata o de agora sexan escoitados. Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de Cerdido, dado a importancia que o sector representa neste concello, como dinamizador fundamental e base da nosa economía produtiva propón ó Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:Solicitar do Goberno da Xunta de Galicia a que de acordo co sector desenvolva medidas políticas urxentes para evitar o peche de miles de explotacións de leite. **MEDIDAS A CURTO PRAZO. Cuantificación do excedente lácteo e xestión do mesmo a través dos mecanismos de intervención, almacenamento privado e entrega a terceiros países.** España é un país importador de leite, tanto de produtos elaborados como de leite en po. O goberno de España ten que xustificar a posta en marcha das medidas de intervención desde a idea de que o noso país vive nestes momentos unha situación excepcional con risco de grave desvertebración do conxunto do sector produtor. Débese por en marcha compras públicas de intervención para o leite en po e manteiga a prezos que se cubran polo menos os custos de produción dos gandeiros. O almacenamento privado e a entrega a terceiros países son sen dúbida fórmulas que tamén deben ser tidas en conta. O mundo necesita leite e nos nestes momentos podemos proporcionarlla. **A cuantificación do excedente loxicamente precisa dun procedemento polo miúdo e depurado de información que permita facer un balance de leite.** 3.-**Vixilancia e sanción dos contratos lixo, de modo que se consideren nulos e se logre o compromiso coa industria que opera en España para recolocar ese leite a prezos de mercado.** Nun contexto no que os mercados



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

nacionais e internacionais ofrecen expectativas, é preciso recoller todo o leite que existe no mercado a prezos de mercado. **4.-Acabar coa banalización que con frecuencia se fai do leite e os produtos lácteos nos lineais da gran distribución.**

É preciso xerar valor na cadea láctea e que devandito valor se reparta ao longo da mesma. **MEDIDAS A MEDIO PRAZO:Regulación dos primeiros compradores de modo que sexan verdadeiros operadores loxísticos que aporten algún valor na cadea, e non meros intermediarios.**

A esixencia de un aval suficiente poder ser unha forma de regulación que ofrezga garantía de cobro aos produtores. Tamén se debe axilizar a retirada do permiso de actividade no caso de reincidencia nas prácticas nocivas para o sector. **Necesidade de recuperación do consumo.**

Impulso do programa de leite escolar que permita unha mellora da imaxe do leite e os produtos lácteos e un aumento do seu consumo nun fragmento de poboación máis nova. Mellora da imaxe do leite e os produtos lácteos, utilizando argumentos que contrarresten a imaxe negativa do leite que se da en moitos ámbitos. **É preciso estabilizar as relacións entre os distintos axentes da cadea láctea.**

A interprofesional láctea e o contrato lácteo son elementos importantes de estabilidade e vertebración sectorial. É preciso buscar fórmulas novidasas que resolvan a difusión dos índices de referenciación de prezos para o seu uso de forma xeneralizada nos contratos lácteos. É unha prioridade para que a negociación dos termos do contrato se produzan en condicións de equilibrio. Varios son os elementos que producen desequilibrio na negociación. Un é o carácter perecedeiro do produto, a diferenza da capacidade de concentración entre produtor e industrial, e a existencia dunha única canle de venda de leite sexa a primeiros compradores ou a industrias.

Aposta por unha verdadeira negociación colectiva dos elementos do contrato a través das organizacións de produtores tal e como o paquete lácteo permite.

Desenvolvemento da figura do mediador, para que interveña naqueles casos en que non exista acordo nas condicións de contrato previo á sinatura do mesmo ou para aqueles outros en que a industria nin sequera se queira sentar coas organizacións de produtores.


A deslocalización da produción láctea é unha das grandes preocupacións pois pode afectar a moitos dos pequenos e medianos produtores de leite. É necesario establecer instrumentos para evitalo. **Establecer un plan estratéxico de futuro para o sector lácteo galego.**

Consideramos necesarias medidas de carácter estratéxico para reforzar e asegurar a posición de liderado do sector lácteo galego en España e poder facer fronte en mellores condicións a posibles crises de baixos prezos de mercado que poden repetirse na nova situación de mercado liberalizado.

Neste sentido hai que acordar e comprometerse á elaboración urxente, tal como o PSdeG-PSOE reclamou de forma reiterada, dun plan estratéxico de sector Lácteo Galego:· Contando con todos os axentes implicados..

Con compromisos orzamentarios axeitados, claros, e calendarizados. Con medias enfocadas para que os produtores poidan abaratar os custos de produción e centrados fundamentalmente nun eficaz acceso a máis base territorial. Con un plan industrial propio galego que conte coas cooperativas, e que dote a este país de estruturas de fabricación de produtos elaborados que xeren maior valor engadido que o leite líquido.

Asinado: Cándido Prieto Lago. Voceiro / a do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE. O Concelleiro Cándido Prieto Lago incorpora unha emenda a moción que se copia deseguido : era para añadir no punto 2 como punto 2 B e di o seguinte:**A determinación de un "prezo sostible" para o leite, baseado nos prezos mínimos da industria e a distribución tal e como están recollidos no observatorio do Ministerio**



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

aos que se agregarían o prezo medio do leite na UE-15. Os gandeiros galegos están dispostos a competir no mercado, pero o que non poden soportar son os prezos máis baixos de Europa e con diferenzas de ata 8 céntimos con respecto a outras comunidades autónomas do Estado, non é xusto nin explicable por ningunha razón e menos polas razóns do "mercado". Este prezo nunca podería ser inferior ós custos de produción dos gandeiros, algo suficientemente obxetivable. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría dos presentes aprobaron a proposta anterior.** Cinco votos a favor dos concelleiros Rocío Martínez Martínez, Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez, David Prada Aneiros e o voto do alcalde, Benigno Galego Castro e catro abstencións dos concelleiros Ana Rodríguez Montero, Pablo Casas Cibreiro, Juan José Ramos Prieto e José Esmoris Aldao.

O concelleiro Cándido Prieto Lago toma a palabra para sinalar que a propia moción explica os motivos con moito detalle, e entende que é un problema recorrente dende a entrada de España na Unión Europea favorecendo a creación de explotacións gandeiras grandes e modernas, intentando apostar dende as Administracións Públicas para evitar o despoboamento do rural. No caso do noso Concello, só quedan dúas explotacións gandeiras grandes, polo que solicitamos o apoio a este sector produtivo buscando unha solución ao longo prazo.

O Concelleiro Pablo Casas Cibreiro expón que coñece o problema porque tivo unha explotación de 50 vacas e con 2 hectáreas de terreo.

O Concelleiro José Esmoris Aldao explica que o problema deriva das cotas impostas pola Unión Europea e que non se lle busca unha solución e non entende porque dende os sindicatos non se explica o problema de que exista tanta diferenza de prezos no leite e explica que a día de hoxe dada a mellora na xenética das vacas, hai moita mais produción con menos vacas e manifesta que hai que facer algo co excedente de leite que existe si hai necesidade dela.


O concelleiro Cándido Prieto Lago, entende que o problema dos prezos pode ser solucionado como en Francia e que existe o observatorio dos prezos e que existen empresas que non queren recoller o leite e entende que debe haber unha implicación de todas as Administracións Públicas.

A concelleira Ana Rodríguez Montero anuncia a súa abstención pero manifesta que apoia o problema da gandeira.

Control e fiscalización dos órganos da Corporación:

6-Dar conta das resolucións da alcaldía


Núm.	Data	Descrición
Abril 2015		
66	27/04/15	Aceptación de doazón de 200€ gastos de primeira necesidade familias con nenos



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es


67	28/04/15	Aprobación de facturas do núm. 142 ao núm. 163
68	28/04/15	Autorización de uso do Castro para unha xuntanza dunha peña o día 9 de maio
69	28/04/15	Autorización de uso da casa da cultura a Arumes do Castro para unha reunión o 13 de maio
70	30/04/15	Autorización de festas de Santa Lucía e San Xoán
71	30/04/15	Autorización á comisión de festas dos Casás para espectáculos pirotécnicos nas festas de de Santa Lucía e San Xoán
72	30/04/15	Convocatoria da comisión especial de contas o día 11 de maio
73	30/04/15	Autorización á comisión de festas dos Casás para pechar unha vía ó tráfico pola festa de de San Xoán
74	30/04/15	Expediente de modificación de crédito número 03/15
75	30/04/15	Anulación dun recibo do lixo por erro
76	30/04/15	Inicio do procedemento de contratación dunha cuadrilla municipal de obras e servizos mínimos municipais
Maio 2015		
77	04/05/15	Modificación do presuposto de subministro de estantes compactos para o arquivo municipal
78	05/05/15	Alta no padrón de habitantes en Porto núm. 1
79	06/05/15	Adxudicación da obra Camiño de Cruz Encarnada, Vilarelle a Vilela e de Vilela a Felgueira (A Barqueira) e outros
80	07/05/15	Alta no padrón de habitantes en Sete de abaixo núm. 7
81	11/05/15	Subvencións nominativas a entidades municipais
82	11/05/15	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno o día 18 de maio
83	12/05/15	Nomeamento a José Victoriano Bouza Pita como persoal laboral fixo no posto persoal de servizos varios
84	13/05/15	Aprobación dos recibos do SAF do mes de abril de 2015
85	15/05/15	Aprobación de facturas do núm. 164 ao núm. 192
86	15/05/15	Aprobación do expediente de modificación de crédito 4/2015
87	15/05/15	Expediente nº 2015/U008/000003 de licenza de segregación dunha parcela en dúas partes no lugar de Rioforcado - A Barqueira
88	18/05/15	Inadmisión da solicitude de inicio de expediente de reposición da legalidade de dúas casetas para uso turístico no lugar de Muiño. Retorta
89	19/05/15	Contratación de persoal por vacacións das auxiliares de axuda no fogar
90	19/05/15	Aprobación do expediente de modificación de crédito número 05/15
91	20/05/15	Adxudicación do contrato menor para servizo de docencia do curso de atención sociosantiaria a persoas dependentes



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es


92	21/05/18	Contratación de persoal para os posto de Peón e Oficial 1ª ao abeiro do programa de cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais
93	21/05/15	Alta no padrón de habitantes en Guelle núm. 1
94	28/05/15	Aprobación de facturas do núm. 193 ao núm. 224
95	28/05/15	Contrato menor do servizo de asesoramento técnico - urbanístico
Xuño 2015		
96	02/06/15	Convocatoria dun Pleno extraordinario o día 10.06.2015
97	02/06/15	Convocatoria da comisión informativa de contas o día 10.06.2015
98	02/06/15	Autorización de uso da casa da cultura o grupo municipal do BNG para unha reunión o 3 de xuño
99	03/05/15	Convocatoria da sesión constitutiva da corporación o día 13.06.2015
100	04/05/15	Aprobación de facturas do núm. 225 ao núm. 246
101	05/06/15	Calendario de vacacións de persoal
102	08/06/15	Autorización de uso da casa da cultura o grupo municipal do BNG para unha reunión o 8 de xuño
103	08/06/15	Autorización á comisión de festas da Barqueira para espectáculos pirotécnicos nas festas da Barqueira durante o ano 2015
104	08/06/15	Autorización á comisión de festas da Barqueira para pechar unha vía municipal en Porto durante as festas da Barqueira
105	08/06/15	Autorización á comisión de festas da Barqueira para as festas de San Antón en Porto
106	09/06/15	Autorización de uso da casa da cultura á Deputación Provincial para un curso de primeiros auxilios
107	10/06/15	Licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos a Juliana BBustabad Hermida no lugar de Chao núm. 11
108	10/06/15	Inscripción dun can no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos co número 1/2015 ó
109	11/06/15	Aprobación de facturas do núm. 247 ao núm. 265
110	15/06/15	Aprobación dos recibos do SAF do mes de maio de 2015
111	15/06/15	Designación de Tenentes de Alcaldes e delegacións
112	15/06/15	Autorización de uso da casa da cultura o grupo municipal do PSdeG-PSOE para unha reunión o 17 de xuño
113	16/06/15	Inicio do procedemento de selección do xuíz de paz substituto
114	16/06/15	Aprobación do expediente para a incorporación de remanentes do 2014
115	19/06/15	Aprobación da certificación núm. 1 e final da obra Camiño Pozadauga - O Covelo (A Barqueira - Os Casás) e outros
116	22/06/15	Autorización de uso da Piscina Municipal ó Concello de Valdoviño



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

		para probas de selección de socorristas
117	22/06/15	Autorización para realizar as luminarias de San Xoán e San Pedro
118	25/06/15	Autorización de uso da Casa da Cultura á fundación ECCA para clases a adultos para a obtención da ESO
119	26/06/15	Aprobación de facturas do núm. 266 ao núm. 279
120	26/06/15	Altas no Padrón de habitantes en Vila da Igrexa, 29
121	26/06/15	Autorización para realizar as luminarias de San Pedro
122	30/06/15	Autorización de uso do Castro a APA os Carrís os venres de xullo e agosto para actividades dos nenos
Xullo 2015		
123	01/07/15	Convocatoria de Pleno extraordinario o día 07.07.2015
124	01/07/15	Altas no Padrón de habitantes en Porto, 55
125	01/07/15	Adxudicación do contrato menor de servizo de asesoramento urbanístico
126	01/07/15	Autorización para a celebración das festas de San Martín en Cerdido
127	01/07/15	Autorización á comisión de festas de Cerdido para espectáculos pirotécnicos nas festas de Cerdido durante o ano 2015
128	01/07/15	Autorización á comisión de festas de Cerdido pechar unha vía ó tráfico nas festas de Cerdido no lugar de Vila da Igrexa
129	02/07/15	Altas no Padrón de habitantes en Xiao, 4
130	03/07/15	Autorización de uso do Castro a Cebarca para unha comida o día 11 de xullo
131	07/07/15	Adxudicación do contrato menor de subministro de sinais e pintado do paso de peóns
132	06/07/15	Aceptación do desestimento do recurso de reposición por inadmisión do expediente de reposición da legalidade de Francisco García Sabán
133	06/07/15	Modificación do contrato de obras de Reparación camiño O Porto -Susloureiros - Pozadauga (A Barqueira)
134	06/07/15	Autorización de uso do Castro a Airiños dos Carrís para xuntanza de grupos tradicionais do día 31 de xullo ó día 2 de agosto
135	10/07/15	Inicio de novo prazo para a solicitude de subvención nominativa á comisión de festas de Cerdido
136	10/07/15	Licenza de ocupación de dominio público para poñer en 30 farolas municipais, carteis de plástico anunciando a Feira Medieval de Valdoviño
137	14/07/15	Aprobación de facturas do núm. 280 ao núm. 315
138	17/07/15	Aprobación dos recibos do SAF do mes de xuño de 2015
139	17/07/15	Altas no Padrón de habitantes en Fragas, 1




CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

140	17/07/15	Expediente de modificación de crédito número 08/15
141	20/07/15	Solicitud ó Concello de Valdoviño de colaboración para que persoal funcionario técnico do concello de Valdoviño realice funcións de asesoramento e elaboración de informes técnicos en Cerdido
142	20/07/15	Aluguer do primeiro piso esquerda das vivendas dos Casás
143	20/07/15	Aprobación de facturas do núm. 316 ao núm. 337
144	23/07/15	Incautar a fianza depositada de 150,00 € para responder de parte da débeda xerada do aluguer dunha vivenda municipal
145	24/07/15	Autorización de uso do Castro para celebración dun aniversario o día 22 de agosto
Agosto 2015		
143	03/08/15	Altas no Padrón de habitantes en Sete de Abaixo, 7
147	08/08/15	Aprobación dos recibos do SAF do mes de xullo de 2015
148	18/08/2015	Autorización para usar o local da cafetería do Castro o día 28 de agosto durante todo o día para unha xuntanza de amizade da coral "Arumes do Castro".
149	18/08/2015	Autorizar o uso do local da cafetería do Castro o día 30 de agosto de 2015, durante todo o día, para levar a cabo unha xuntanza familiar
150	19/08/2015	Declarar a non necesaria a licenza municipal para a agrupación de fincas
151	19/08/2015	Aprobar gastos con número de rexistro de facturas de 339 a 374,
152	19/08/2015	Devolver a garantía prestada para a execución da obra: Camiño Cruz Encarnada - Vilarelle a empresa Villasuso Ortegale SL
153	20/08/2015	Aprobación do contrato menor para o desbroce de pistas municipais con Forestal de Pazos SL por un prezo de 9.000,00 €
154	20/08/2015	Autorización de uso dun local do Castro para unha xuntanza familiar o día 22.08.2015
155	21/08/15	Arquivo da denuncia remitida pola Consellería de medio rural e do mar por non xestión a biomasa dunha parcela do lugar de As Felgasas

7 -Dar conta da aceptación do dedicación exclusiva por parte da Alcaldía . O día vinte tres de xullo de 2015 o alcalde de Cerdido acepta a dedicación exclusiva aprobada polo pleno.

8.- Mocións de urxencia . Non se presentaron



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

9.- Rogos e Preguntas

A concelleira Ana Rodríguez Montero , realiza as seguintes preguntas e rogos á Alcaldía .

1.-Solicita información sobre si esta posto o novo mobiliario do arquivo municipal e solicita poder velo .

O alcalde contestalle que hai dúas semanas que instalaron as novas estanterias e que cando remate o Pleno pode pasar a velo

2.-No Decreto da Alcaldía núm. 129 aprobou un alta no lugar de Xiao núm. 4 , entende que pode ser un erro e que debe ser no lugar de Seixas

O alcalde a explica que mirará se houbo un erro

3.-Solicita o nome da empresa que realiza o asesoramento urbanístico e se é o mesmo importe que o anterior

O alcalde respondelle que non se acorda do nome e que xa que dirá os datos . O importe é o mesmo , cree que un pouco menos .

4.-Solicita aclaración sobre a modificación do contrato da obra en Susloureiros , xa que se volveu a aglomerar a pista e os erros que antes mencionaban non era o asfaltado sino la cuneta . Volveuse a asfaltar o xa asfaltado o problema era o espesor do cemento e as cunetas .

O alcalde explica que o modificado da obra é para compensar a diferenza existente no espesor , o Director da obra coa diferenza no espesor existente modificou a partida para darlle aglomerado . O importe total da obra non se modificou .

5.-A modificación de crédito 8/2015 en que consiste

O alcalde explica que se trata da incorporación ao presuposto das subvencións de incendios por un importe de 11.000 euros e a subvención de actuación municipais da Deputación de 3000 euros

6.-En relación co tema do Técnico compartido con Valdoviño como esta o tema ?


O alcalde explica que se solicitou a colaboración e estamos pendentes dunha contestación .

7.-A empresa que vai a realizar o desbroce das pista canto cobra por hectárea ?

O alcalde explica que a empresa é Forestal de Pazos e fai 42 quilómetros por 9.000,00 €

8.- A desbrozadora do concello esta traballando? , esta el alcalde asegurado para poder traballar coa desbrozadora , se un cargo político ten un accidente cando traballa coa desbrozadora municipal , cúbreille o seguro ?

O alcalde explica que actualmente o tractor municipal esta utilizando a desbrozadora mais vella porque a nova estropearonse os rodamentos e o cabezal. O alcalde esta asegurado e dado de alta na seguridade social polo Concello e esta incluído nos seguros dos vehículos municipais xunto a actual chofer que non estaba incluído antes .



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

9.- En relación a vista velutina pon de manifesto que existes dous niños en A Campeira e pregunta se segue traballando dende o Concello.

O alcalde manifesta que hai unha persoa que colabora e senón se chama a Xunta pero as veces están moi altos nos eucaliptos e non hai medios para quitálas . Nos vindeiros días haberá unha reunión de todos os alcaldes en San Sadurniño para tratar o tema .

E , non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión sendo as catorce horas do día vinte e oito de agosto de 2015. Do que eu como secretaria dou fe:

A secretaria

Paula Díaz Tie

O alcalde

Benigno Galego Castro